

## **“Administracións Locais e Competencia.”**

**José Antonio Varela González. Presidente del TGDC.**

**Artículo publicado el domingo, 15 de marzo de 2009 en el suplemento  
Mercados de “La Voz de Galicia”**

No noso comentario anterior faciamos referencia ao feito de que, entre as denuncias recibidas polas autoridades de defensa da competencia, atopábanse algunhas realizadas por asociacións de empresarios privados por actuacións das Administracións Locais que, na súa opinión, supuñan unha competencia desleal ao ofertar servizos relativamente similares á xeneralidade dos cidadáns a un prezo sensiblemente menor. Apuntabamos o caso dos servizos deportivos, por ser o sector no que se produciron máis denuncias, aínda que tal identificación non implicaba que non as houbera noutros.

Dende a anterior colaboración, novas de prensa informan de que algunhas Administracións Locais están considerando proxectos desta natureza, que chocan cos intereses privados, para desenvolvelos no inmediato futuro. A continuidade destas prácticas, que ata poderían incrementarse, unida á crenza de moitos empresarios de que tales intervencións distorsionan a competencia nos mercados afectados, actualiza e mantén o interese por reflexionar sobre as mesmas.

Aínda que cada servizo específico ofertado polas Administracións Locais require dunha análise específica, pódese afirmar que para tal provisión existe unha cobertura legal ampla. Así, o artigo 28 da Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases do Réxime Local establece que: “Os municipios poden realizar actividades complementarias das propias doutras administracións públicas e, en particular, as relativas á educación, a cultura, a promoción da muller, a vivenda, a sanidade e a protección do medio ambiente”. Pola súa banda, o artigo 86.1 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, recolle que: “Para a xestión dos seus intereses e unha vez que se garanta a prestación dos servizos mínimos, o municipio tamén poderá exercer actividades complementarias das propias doutras administracións públicas”. En particular reconece as relativas a: educación, cultura, mocidade, deporte, promoción da muller, vivenda, atención primaria á saúde, ocupación e loita contra o paro, arquivos, museos, conservatorios de música e centros de belas artes, fomento das estruturas agrarias e a

prestación de servizos de interese público agrario, e protección do medio ambiente.

A existencia de cobertura legal para esta ampla listaxe de servizos plásmase nun amplo apoio xurisprudencial á súa provisión polas Administracións Locais, mesmo en réxime de competencia coa iniciativa privada, cando o servizo ten utilidade pública, ofértase dentro do termo territorial correspondente e en beneficio dos seus habitantes. As resolucións do antigo Tribunal de Defensa da Competencia, na actualidade Comisión Nacional da Competencia, e as sentenzas dos órganos xurisdiccionais así o evidencian.

Dito o anterior, co máximo respecto á autonomía local no exercicio das súas prerrogativas e desde a perspectiva do interese público, que é o criterio determinante a ter en conta polas Administracións Públicas, parece conveniente que as Administracións Locais consideren os beneficios que os proxectos de oferta pública de servizos non esenciais reportan aos cidadáns, máis tamén que avalíen o seu efecto dende a perspectiva da competencia, de xeito que non distorsionen, ou distorsionen o menos posible, a situación do mercado do servizo correspondente.